

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 88

ano 14

maio-xuño 2020

UNHA VIAXE DESDE XUVENCOS A LA HABANA


En diversos anteriores de *Fronda* abórdouse dun xeito amplo o rol desempeñado polo **notariado**, así como a súa diversa tipoloxía, evolución histórica e documentación xerada durante séculos pola actividade deste colectivo de profesionais públicos dedicados a dar fe xurídica de actos privados e custodiar ese legado documental durante unha boa parte da nosa historia.

Neste número, ímonos centrar nun caso particular recollido dun, aparentemente, simple documento consignado nun protocolo datado en 17 de outubro de 1862, composto por 3 folios, pero no que descubrimos a valiosa achega deste tipo de documentos para os estudosos da historia. Baixo o encabezamento de “*Escritura por la cual don Andrés Vieitez se obligó á servir como cirujano en el buque español Francisca, durante el tiempo de un viage redondo a la Habana, por el estipendio de 4.680 rs, sobre lo cual contrató con D. Juan Alvarez Carú*” atopamos un contrato aparentemente normal de non ser polas circunstancias que nel concorren e das que deseguido falaremos.

Para comezar, é interesante facer un breve comentario biográfico do **escribán** protagonista deste instrumento protocolizado: **Agustín Pereira Valeiras**. Trátase dun notario cunha longa actividade profesional centrada no **Carballiño** e arredores entre os anos 1855 e 1890. Entre 1859 e 1860 exerce, tamén, en Piñor e Boborás e entre 1861 e 1867 reparte o seu traballo entre a vila do Arenteiro e o mencionado Boborás. O seu fillo, César Pereira Munín, tamén exercerá a súa actividade notarial na vila do Carballiño.

No documento, ademais das detalladas condicións da viaxe e estipulacións do contrato que máis adiante veremos, coinciden diversos persoeiros cun certo interese para calquera historiador que se dedique ao mundo da **emigración** neste período de mediados do século XIX, pero hai tres interesantes protagonistas que forman parte desta acción: dous de xeito directo e outro relacionado, pero fundamental. Por unha banda, **Andrés Viéitez**, natural da parroquia de Xuvencos, actual concello de Boborás, onde por este tempo exerce o seu labor de médico **cirurxián** no lugar da Lama, sito nesa mesma parroquia. Procedente dunha familia acomodada, por circunstancias que descoñecemos,

mantén contactos co seguinte protagonista deste convenio, **Juan Álvarez Carú**, un importante prestamista e **comerciante** establecido daquela na puxante vila de Ribadavia.



1862, Outubro, 17. O Carballiño

“*Escritura por la cual don Andrés Vieitez se obligó á servir como cirujano en el buque español Francisca, durante el tiempo de un viage redondo a la Habana, por el estipendio de 4.680 reales, sobre lo cual contrató con D. Juan Alvarez Carú*”.

Orixinal; escritura humanística; castelán; 320 x 220 mm
AHPOu, Protocolos de Agustín Pereira Valeiras, C. 1009, fol. 616-618

Os demais protagonistas


Porén, si sabemos que por esas datas hai unha importante colonia de comerciantes vinculados co tráfico de metais procedentes de Asturias, especialmente da comarca de Avilés, que se asentan na zona próxima ao **Carballiño**, pensamos, relacionados coa construción das catro **fábricas de papel** existentes nesta comarca, xa que eles son os que se encargan da instalación dos aparellos e caldeiras de metal necesarias para a actividade fabril. Concretamente en Boborás, aséntase definitivamente a **familia Muñiz**, coñecida popularmente como “os Caldeireiros”, oriúndos de Avilés, que ben poderían ser o nexo de enlace con Juan Álvarez, xa que o referido Andrés Viéitez é neto por vía materna do propietario da fábrica de papel de Astureses (Boborás).

O xa mencionado Juan Álvarez é xenro do terceira figura: **Francisco Manuel Graíño**, veciño de Avilés, importante home de negocios, vinculado especialmente co mundo do mar como **armador**, co da **emigración asturiana** a América e co da desamortización como comprador de diversos montes vendidos polo Estado no Principado nese proceso levado a cabo a mediados do século XIX. Foi, asemade, alcalde da vila avilesina por eses anos, unha posición que lle permitiu facilitar a emigración dos seus veciños e, de paso, o importante progreso do seu negocio co tráfico de persoas rumbo ao continente americano e co regreso dos seus navíos cargados de azucre, tabaco e cacao, como consta na documentación conservada ao respecto.

Peculiaridades históricas do documento

O documento está cheo de particularidades. Por unha parte, nunha etapa de fuxida migratoria masiva de mozos e mozas, normalmente labregos e sen estudos, chama a atención a presenza dun personaxe procedente da antiga **fidalgúia rural**, formado na universidade e, o que aínda resulta máis rechamante, da Galicia máis interior embarcado nunha aventura marítima de longo percorrido. Estamos nun período no que a emigración a **Cuba** adquire unha dimensión numérica ata daquela non coñecida, con episodios de triste recordo como o executado polo político ourensán **Urbano Feijóo** que mandou a traballar na illa caribeña en varias expedicións moreas de galegos en condicións de escravitude extrema, mesmo máis duras cás dos propios escravos de cor. Un destes “escravos galegos”, José Viéitez, curiosamente, resulta ser tamén da parroquia de Xuvencos e, tamén, parente de Andrés Viéitez. Será un ministro ourensán, de Cea, Tomás María Mosquera, o que poucos anos máis tarde remate coa escravitude nesa illa do Caribe e Porto Rico. Cousas do destino. Pero estas semellanzas familiares e de veciñanza, son diametralmente opostas nas condicións laborais nas que se ven envoltos ambos: fronte as penosas xornadas que agardan na illa a José, Andrés terá unhas envexables que se recollen con todo detalle no documento e que aparecen estipuladas en cinco puntos nos que se contem-

pla o pagamento de 4.680 reais –unha fortuna para a época– por exercer como médico e cirurxián en dita viaxe, cantidade libre de todo tipo de gastos co compromiso de pago incluso dun 50% por adiantado. A esta importante cifra, hai que engadir a manutención e o transporte dende **Xuvencos** ata Avilés e viceversa, ao seu regreso. Unha cuestión interesante resulta a da



Detalle das sinaturas da escritura pola que Andrés Viéitez se obriga a servir como cirurxián no buque “Francisca” en viaxe a La Habana. AHPOu, Protocolos de Agustín Pereira Valeiras, C. 1009.

consideración persoal e profesional de Andrés Viéitez dentro da embarcación, xa que terá o mesmo tratamento có propio capitán entre a tripulación e viaxeiros. Como último punto, menciónanse as condicións de cobramento por parte da familia en caso de falecemento no tempo que dure o periplo.

Finalmente, e xa que falamos da embarcación, podemos facer mención deste **buque** de nome “**Francisca**”. Tratábase dun bergantín de 25 metros de eslora e de 215 Tm. propiedade do citado Francisco Manuel Graíño e moi coñecido en Asturias na súa época polo continuo fluxo de idas e voltas a América. En cada viaxe transportaba arredor de 200 persoas e, nalgúns casos nos que non levaba outro tipo de carga, chegaba ás 300 que, segundo diversos historiadores, reportaban ó armador uns ingresos brutos de 133.000 reais.

Como epílogo, Andrés Viéitez resulta ser o pai de **Perfectino Viéitez**, un potentado (co seu nome nunha rúa do Carballiño) que forxa a súa fortuna na emigración americana, sendo coñecido, entre outras cousas, por pagar do seu peto a controvertida restauración da cruz procesional da catedral de Ourense e polas súas numerosas accións filantrópicas desenvolvidas na comarca carballiñesa.